

2022

CONCRECIÓN CURRICULAR



CEIP PÍO CABANILLAS GALLAS

DOZÓN – PONTEVEDRA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: Miércoles 30 de marzo de 2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: Luns 4 de abril de 2022

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Táboa de contido

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.	3
2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA.....	13
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	15
4. RECURSOS E MATERIAIS.....	17
5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS.	21
6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.	21
7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN	26
8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	26
9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).....	30
10. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS)	30
11. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO	33
12. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:	35
I. DATAS DAS AVALIACIÓNS	35
II. AVALIACIÓN INICIAL.....	35
III. CUALIFICACIÓNS	36
IV. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CURSO/ETAPA EP.	36
V. PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO OU TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES	38
VI. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS	40
VII. MENCIÓN HONORÍFICA.....	40
13. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSINANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO.	40
14. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	42
.....	60

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

A adquisición das competencias clave por parte do alumando é unha condición imprescindible para que acade un **pleno desenvolvemento persoal, social e profesional** a xustado ás demandas da sociedade globalizada, tecnolóxica e cambiante, e posibilite o desenvolvemento ligado ao coñecemento.

As competencias defínense como unha **combinación de coñecementos, habilidades e actitudes**, nas que:

- O coñecemento está formado por feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidas e que apoian a comprensión dunha área ou tema en particular;
- As capacidades defínense como a habilidade para levar a cabo procesos e utilizar o coñecemento existente para obter resultados;
- As actitudes describen a mentalidade e a vontade de actuar ou reaccionar ante ideas, persoas ou situacións.

Considéranse polo tanto como **coñecementos na práctica**, é dicir, coñecementos adquiridos mediante a participación activa en prácticas sociais e, como tales, poden desenvolverse tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como en contextos educativos non formais.

As competencias, polo tanto, concrétnanse como **aprendizaxe permanente**, desde a infancia ata a vida adulta, que se **aplica a diversos contextos académicos, sociais e profesionais**.

Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible, é fundamental a comprensión dos coñecementos presentes nas competencias e a vinculación deste coas habilidades ou habilidades prácticas que as integran.

A aprendizaxe por competencias caracterízase pola súa **transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral**, o proceso de ensino-aprendizaxe por competencias debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e polas distintas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto no ámbito formal como en escenarios non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese no feito de que as competencias non se adquiren nun momento determinado e permanecen inalteradas, senón que implican un proceso de

desenvolvemento mediante o cal os individuos adquiren maiores niveis de rendemento no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha **formación integral** de persoas que, ao final da etapa académica, deben ser capaces de trasladar os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparecen na opción de vida que opten. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas accións e descubrir novas formas de actuación e novas habilidades que lles permitan realizar tarefas de forma eficiente, favorecendo a aprendizaxe permanente.

As competencias clave constitúen un **saber facer**, un saber ser e estar, é dicir, un saber que se aplica, que pode adecuarse a unha diversidade de contextos e que ten un carácter integrador; este saber abrangue coñecementos, procedementos e actitudes. Inclúen o desenvolvemento de capacidades e non a aplicación de contidos puntuais. Constitúen unha **combinación de destrezas, coñecementos e actitudes adecuadas ao contexto**; precísanas todas as persoas para a súa realización e desenvolvemento persoal. Deben seguir desenvolvéndose, manténdose e actualizándose como parte dunha aprendizaxe ao longo de toda a vida. As competencias clave constitúen un elemento curricular máis pero non se engloban dentro de ningunha área curricular concreta; teñen un carácter globalizador e integrador polo que están presentes xa dende a Educación Infantil.

EDUCACIÓN INFANTIL

COMPETENCIA	DESCRITORES
Competencia en comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none">- Expresa e comprende mensaxes orais en diferentes situacións comunicativas.- Describe, narra, explica ..., diversos debuxos, carteis, fotografías, pictogramas ...- Iníciase en debates en grupo sobre temas e problemas relacionados con situacións da vida cotiá.- Expresa en voz alta opinións persoais.- Recrea na aula situacións da vida cotiá.- Dialoga sobre os diferentes temas.- Utiliza textos diferentes con intencións comunicativas diversas:

	<p>contos, revistas, fotografías, carteis ...</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpreta imaxes en voz alta. - Coñece e utiliza as regras básicas do funcionamento da lingua. - Coñece as estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dunha maneira axeitada. - Sabe expresar ideas, sentimentos e necesidades. - Utiliza as destrezas necesarias para iniciarse na escritura e a lectura. - Utiliza estratexias diversas para comprender o que os demais din: atender o ton da voz, a entoación, as pausas ...
<p>Competencia matemática</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a linguaxe matemática en situacións da vida cotiá. - Comeza a aplicar operacións matemáticas para resolver problemas cotiáns - É capaz de coñecer o proceso que se seguiu e as solucións que se obtiveron na resolución de problemas. - Realiza, progresivamente, estimacións dalgunhas magnitudes. - Utiliza métodos elementais para calcular distancias. - Emprega o coñecemento das formas e figuras xeométricas para describir e resolver situacións cotiás que o requiran.
<p>Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende a relación de utilidade que se establece entre os homes e as mulleres e o resto dos seres vivos. - Coñece os cambios que a actividade humana pode producir no medio. - Observa a natureza e interactua con ela. - Desenvolve a capacidade para lograr unha vida saudable nun medio que o sexa. - Percibe o espazo físico no que se desenvolve a vida e a actividade humana. - Interactúa co medio próximo resolvendo problemas. - Coñece a influencia que teñen sobre o medio, a saúde e a calidade de vida, os avances científicos e tecnolóxicos. - Comeza a desenvolver o pensamento científico-técnico.

	<ul style="list-style-type: none"> - Presenta preguntas, razoara sobre os fenómenos que se producen no medio.
<p><i>Tratamento da información e da competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adquire os coñecementos, as habilidades, e as destrezas básicas necesarias para a utilización do equipamento informático dispoñible na aula, no centro ou no fogar (acendido e apagado do ordenador, manexo do rato...). - Manexa programas e aplicacións informáticas sinxelos. - É capaz de buscar e comunicar información e transformala en coñecemento. - Comprende a información e intégraa progresivamente nos esquemas previos de coñecemento. - É capaz de comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando diversos recursos e técnicas. - Sabe aproveitar a información que facilitan as novas tecnoloxías, aprendendo con elas. - Comeza a coñecer diferentes tipos de información e linguaxes
<p><i>Competencia social e cidadá</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe escoitar aos compañeiros, ás compañeiras e aos adultos, e busca sempre o diálogo e a negociación como medios para resolver os conflitos que se lle presenten. - Sabe relacionarse querendo ampliar o círculo de amizades e coñecidos. - Sabe convivir cos demais. - Coñécese a si mesmo/a e amosa unha actitude positiva ante a vida, intentando previr os pequenos problemas da vida cotiá. - Desenvolve as habilidades necesarias para traballar en equipo amosándose sempre tolerante coas opinións dos compañeiros e das compañeiras; acepta que os demais teñen os seus propios puntos de vista. - Desenvolve hábitos de comportamento axeitados e adaptados aos diversos contextos sociais nos que se desenvolve. - Acepta as normas de convivencia dos diferentes grupos cos que se

	<p>relaciona.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comeza a asumir os valores democráticos, os deberes, as obrigas e os dereitos. - Coñece o patrimonio artístico e cultural do lugar ó que pertence, aprendendo a valoralo e a respectalo. - Aprende a convivir nunha sociedade cada vez máis plural; compartir, participar, colaborar, tolerar e aceptar as diferenzas individuais debidas a diversos motivos. - Rexeita a desigualdade e valora, pouco a pouco, a diversidade como medio para o enriquecemento persoal e social.
<p>Competencia cultural e artística</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aprende a apreciar e a valorar as producións plásticas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. - Utiliza diferentes medios de expresión (música, artes visuais, artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal...) para expresar ideas, sentimentos, necesidades, emocións e intereses. - Desenvolve a imaxinación, a creatividade e a iniciativa persoal como medios para desenvolverse de maneira cada vez máis autónoma no medio próximo. - Desenvolve a sensibilidade e o sentido estético para o gozo persoal. - É capaz de emocionarse e sentir ante as manifestacións e producións culturais. - Coñece diversas manifestacións artísticas e culturais, do pasado e do presente, do lugar no que viven. - Comeza a desenvolver destrezas e habilidades para percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. - Nas actividades plásticas realizadas en grupo, toma conciencia da responsabilidade individual para a consecución dun resultado final e da importancia de apoiar e apreciar as contribucións dos demais membros do equipo da súa mesa.
<p>Competencia</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aprende a resolver os pequenos problemas que se lle presenten na

<p><i>para aprender a aprender</i></p>	<p>súa vida cotiá e a desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñece diversas formas para resolver un determinado problema de maneira que escolla o medio máis axeitado. - Sente o desexo e a curiosidade por aprender. - Coñece e valora, progresivamente, as posibilidades e as limitacións persoais; aceptar os erros e as equivocacións e aprender a superarse. - Ten confianza nas propias posibilidades. - Pide axuda cando non poidan realizar determinadas accións por eles/as mesmos/as. - Baséase no que xa aprenderon para poder adquirir novos coñecementos. - Aplica o que aprenderon en diferentes contextos e situacións. - Desenvolve estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención, da concentración, da memorización e da resolución de problemas. - Aprende a explorar e a manipular obxectos e situacións. - Desenvolve progresivamente formas persoais de aprender.
<p><i>Autonomía e iniciativa persoal</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ten iniciativa e criterio propio para desenvolverse de xeito cada vez máis autónomo na vida cotiá. - É responsable ante as decisións persoais e ser consecuente con elas. - Desenvolve valores persoais: dignidade, liberdade, autoestima, seguridade nun mesmo, capacidade para enfrontarse aos problemas, perseveranza, responsabilidade, autocrítica, iniciativa, creatividade ... - É quen de marcarse obxectivos, de elaborar ideas e buscar solucións ante os problemas que se lle presentan. - Desenvolve habilidades sociais: respecto polas ideas dos demais, capacidade de diálogo e traballo cooperativo ... - Identifica as emocións propias e ser capaz de comprender as dos demais. - Adquire as destrezas necesarias para detectar necesidades e buscar solucións con creatividade

COMPETENCIA	DESCRITORES
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Interactúa co medio natural de xeito respectuoso. - Comprométese co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respecta e preserva a vida dos seres vivos do seu contorno. - Toma conciencia dos cambios producidos polos seres humanos no medio natural e das repercusións para a vida futura. - Desenvolve e promove hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xera criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste. - Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplica métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. - Manexa os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso redor. - Manexa a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. - Identifica e manipula con precisión elementos matemáticos (números, datos, operacións, elementos xeométricos...) en situacións cotiás. - Aplica os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. - Realiza argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos. - Aplica as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

<p>Comunicación lingüística</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende o sentido dos textos escritos. - Capta o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... - Goza coa lectura. - Expressa oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información. - Utiliza o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. - Compoñe distintos tipos de textos creativamente con sentido literario. - Respecta as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexa elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas. - Entende o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Mantén conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Produce textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<p>Competencia dixital</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Selecciona e emprega distintas fontes para a busca de información. - Elabora e publicita información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Utiliza as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprende as mensaxes que veñen dos medios de comunicación. - Manexa ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualiza o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

	<ul style="list-style-type: none"> - Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<p>Conciencia e expresións culturais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. - Valora a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico. - Expresa sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Aprecia a beleza das expresións artísticas e da vida cotiá. - Elabora traballos e presentacións con sentido estético.
<p>Competencias sociais e cívicas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. - Identifica as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española. - Desenvolve capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostra dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñece riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprende a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibe unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidencia preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involúcrase ou promove accións cun fin social.

<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Optimiza recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asume as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - É constante no traballo superando as dificultades. - Dirime a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xestiona o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxia entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Prioriza a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais. - Xera novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configura unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontra posibilidades no ámbito que outros non aprecian. - Optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostra iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asume riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Desenvolve as distintas intelixencias múltiples. - Xestiona os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xera estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. - Aplica estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos - Planifica os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. - Segue os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos

	<p>seguintes en función dos resultados intermedios.</p> <ul style="list-style-type: none">- Avalía a consecución de obxectivos de aprendizaxe.- Toma conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	---

2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

A metodoloxía será variada e flexible **atendendo aos estilos de aprendizaxe do alumnado**, ao tipo de contidos que se desenvolvan, aos obxectivos que se perseguen en cada unidade, ao resultado das avaliacións de cada unha das secuencias de ensino-aprendizaxe, aos reforzos necesarios para superar as dificultades,...; por tanto, a aprendizaxe será **significativa**, seguindo a liña do Construtivismo, e terá como base o **traballo das Competencias dende todos os ámbitos**.

Poderíamos compendiar todo isto nos seguintes principios metodolóxicos:

- Respecto ás leis da maduración.
- Comunicación e apertura.
- Individualización e autonomía.
- Socialización.
- Secuenciación.
- Flexibilidade.
- Aprendizaxe construtivo-significativa.
- Formación de hábitos e actitudes.
- Coordinación coa familia.

Especificamente, ditos principios deben facilitar:

1. A conexión co **nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos/as**, atendendo as súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ó afastado. Esta atención á diversidade requirirá a **elaboración de programas específicos** que asuman a función compensadora que pretende o ensino neste centro educativo.
2. A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
3. Creación dun **clima afectivo e rico en vivencias baseadas no respecto mutuo**, procurando a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos

alumnos e alumnas.

4. A **progresión do xeral ao particular de forma Cíclica**, en función do pensamento globalizado do alumno/a; tendo en conta a transversalidade do currículo. Reforzar así o aprendido nos cursos precedentes, abrindo o coñecemento cara a novos temas.
5. A **adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais** (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo, espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e interrelación de iguais e de discentes e docentes
6. A organización de contidos, de maneira que exista **harmonía entre as metas e os medios** que se empregan para conseguilas.
7. **Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula** e na adquisición e na configuración das aprendizaxes.

Partirase dos **intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado**.

Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten **a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo**.

Empregarase **o xogo como elemento motivador** fundamental para a aprendizaxe.

Terase en conta a **diversidade do alumnado**. Óptase pola flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, a selección da metodoloxía mais aconsellable en cada caso, (incluso combinando distintos métodos), respectando os distintos intereses e motivacións e os aspectos organizativos espazo-temporais.

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos e alumnas fai obrigada a **educación en valores**. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...

Busca dunha aprendizaxe **construtivo-significativa**, partindo da consolidación do saber anterior e o reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

Apoio á creatividade de alumnos, alumnas e docentes, como forma diversificada e enriquecedora da comunicación.

O contacto **escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións** e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe e a calquera necesidade educativa diferenciada e especializada.

Así, como medida xeral, adoptaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Adoptar **organizacións flexibles da aula**, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos mixtos heteroxéneos e o **traballo cooperativo de alumnos e alumnas**.
- Realizar **reforzos educativos** encamiñados a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado.
- Planificar e desenvolver programas coherente de **orientación, de atención á diversidade, de reforzo e recuperación** de materias pendentes ..., de **educación emocional** e de **acción titorial** que facilite a resposta educativa ás necesidades específicas do alumnado, permanentes ou transitorias.

O CEIP Pío Cabanillas Gallas porá ao dispor do alumnado **as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade** que cumpran, contando cos recursos profesionais e materiais adecuados para prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade.

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan tal como indica a *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que*

se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

As **medidas ordinarias** son todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

As **medidas extraordinarias** son todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que **poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario** e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

O **reforzo educativo** é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As **medidas ordinarias de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que imparten a materia** en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no **contexto escolar ordinario** e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo.

En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área pode contar coa **colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria**, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

A **intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe** débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de

apoio educativo, neste caso, será informada a familia que deberá autorizar esta medida de apoio educativo, dentro ou fóra da aula , a través do modelo recollido no ANEXO I...

Con carácter xeral, **as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado**. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un **informe individual dos reforzos educativos levados a cabo**, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro. No anexo II , a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

4. RECURSOS E MATERIAIS.

- Mapas.
- Instrumentos de medida.
- Material do laboratorio.
- Cadernos de traballo.
- Materiais recollidos da Natureza.
- Ordenadores.
- Pizarra dixital interactiva.
- Aula virtual.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Fondo de lectura e consulta da biblioteca de centro e aula.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Dicionarios
- Revistas, xornais, folletos publicitarios,...
- Reproducións de distintas figuras e corpos xeométricos.
- Regletas.
- Materiais manipulativos.

- Material funxible.
- Xogos.
- Cadernos, libros e diferente material catalogado no departamento de Orientación.
- Libros de texto.

Curso Etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
1º EP	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 1º - PIEZA A PIEZA. TRIMESTRES MATEMÁTICAS 1.	978-84-698-3801-3	CASTELAN
1º EP	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	LENGUA 1º - PIEZA A PIEZA. Trimestres. Lengua 1. + Leo bien.	978-84-698-7531-5	CASTELAN
1º EP	LENGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA 1º. PEZA A PEZA. Trimestres. Lingua 1. + Escribo ben.	978-84-698-7529-2	GALEGO
1º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA 1º - PEZA A PEZA. Ciencias da Natureza 1.	978-84-698-3906-5	GALEGO
1º EP	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 1º - PEZA A PEZA. Ciencias Sociais 1.	978-84-698-3962-1	GALEGO
1º EP	INGLÉS	All about us 1. Class book Pack Ed. Oxford	9780194562348	INGLES
1º EP	RELIXIÓN	RELIGIÒN CATÒLICA 1º - AMISTAD. Religiòn Católica 1.	978-84-698-4006-1	CASTELAN

Curso Etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
2º EP	MATEMÁTICAS	APRENDER ES CRECER. MATEMÁTICAS 2. CRISTINA DÍAZ SANTOS Y OTROS. ANAYA. 2015	978-84-678-7422-8	CASTELLANO
2º EP	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	APRENDER ES CRECER. LENGUA 2. CRISTINA DÍAZ SANTOS Y OTROS. ANAYA. 2015	978-84-678-7395-5	CASTELLANO
2º EP	LENGUA GALEGA E LITERATURA	APRENDER É CRECER. LINGUA 2. BEGOÑA PÉREZ GARCÍA E OUTROS. ANAYA. 2015	978-84-678-7698-7	GALEGO
2º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	APRENDER É CRECER. CIENCIAS DA NATUREZA 2. CRISTINA DÍAZ SANTOS E OUTROS. ANAYA. 2015	978-84-678-7701-4	GALEGO
2º EP	CIENCIAS SOCIAIS	APRENDER É CRECER. CIENCIAS SOCIAIS 2. CRISTINA DÍAZ SANTOS E OUTROS. ANAYA. 2015	978-84-678-7703-8	GALEGO
2º EP	RELIXIÓN	APRENDER É CRECER. RELIXIÒN CATÒLICA 2. VARIOS AUTORES. ANAYA . 2015	978-84-678-7709-0	GALEGO
2º EP	INGLÉS	ROOFTOPS CLASSBOOK 2 OXFORD	9780194503037	INGLÉS

Curso etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
3º EP	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3º - PIEZA A PIEZA. TRIMESTRES MATEMÁTICAS 3.	978-84-698-4201-0	CASTELÁN
3º EP	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	LENGUA 3º - PIEZA A PIEZA. TRIMESTRES LENGUA 3.	978-84-698-4164-8	CASTELÁN
3º EP	LINGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA 3º - PEZA A PEZA. TRIMESTRES LINGUA 3.	978-84-698-6693-1	GALEGO
3º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA 3º - PEZA A PEZA. CIENCIAS DA NATUREZA 3.	978-84-698-6705-1	GALEGO
3º EP	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 3º - PEZA A PEZA. CIENCIAS SOCIAIS 3	978-84-698-6715-0	GALEGO
3º EP	INGLÉS	AMAZING ROOFTOPS 3. CLASS BOOK (ED. OXFORD)	9780194167666	INGLÉS
3º EP	INGLÉS CADERNO	AMAZING ROOFTOPS 3. ACTIVITY BOOK PACK (ED. OXFORD)	9780194167635	INGLÉS
3º EP	RELIXION	RELIXIÓN CATÓLICA 3º – AMISTAD. RELIXIÓN CATÓLICA 3	978-84-698-4295-9	CASTELÁN

Curso Etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
4ºEP	L. Castellana y Literatura	Aprender es crecer-Carmen Bello Crespo y otros. Anaya 2015	978-84-698-0650-0	Castellano
4ºEP	L. Galega e Literatura	Aprender é crecer- Cristina Montes e outros-Anaya 2015	978-84-678-8013-7	Galego
4ºEP	Matemáticas	Aprender es crecer-Gloria Alonso y otros-Anaya 2015	978-84-678-7781-6	Castellano
4ºEP	C.Sociais	Aprender é crecer-Cristina Diaz Santos e outros-Anaya 2015	978-84-678-8021-2	Galego
4ºEP	C.da Natureza	Aprender é crecer-Ricardo Gómez e outros-Anaya 2015	978-84-678-8017-5	Galego
4ºEP	Relixión	Relixión Católica 4-Valero Crespo y otros-Anaya 2015	978-84-678-8029-8	Galego
4ºEP	INGLÉS	BIG SUPRISE 4º CLASSBOOK. OXFORD	978-01-945-1639-6	INGLÉS
4ºEP	INGLÉS CADERNO	BIG SUPRISE 4º ACTIVITY BOOK. OXFORD	9780194516235	INGLÉS

Curso Etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
5º EP	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS - PIEZA A PIEZA. Trimestres Matemáticas 5.	978-84-698-4349-9	CASTELÁN
5º EP	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	LENGUA - PIEZA A PIEZA. Trimestres Lengua 5.	978-84-698-4311-6	CASTELÁN
5º EP	LINGUA GALEGA E LITERATURA	LINGUA - PEZA A PEZA. Trimestres Lingua 5.	978-84-698-6699-3	GALEGO
5º EP	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA - PEZA A PEZA. Ciencias da Natureza 5.	978-84-698-6710-5	GALEGO
5º EP	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS - PEZA A PEZA. Ciencias Sociais 5	978-84-698-6720-4	GALEGO
5º EP	INGLES	<u>Amazing Rooftops 5. Class Book</u> (Ed. Oxford)	9780194168182	Inglés
5º EP	INGLES (CADERNO)	<u>Amazing Rooftops 5. Activity Book Pack</u> (Ed. Oxford)	9780194168151	Inglés
5º EP	RELIXION	RELIGIÓN CATÓLICA – AMISTAD. <u>Religión</u> Católica 5	978-84-698-4446-5	CASTELÁN

Curso Etapa	Área Materia Ámbito	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
6ºEP	L.Castellana y Literatura	Aprender es crecer-Carmen Bello Crespo y otros-Anaya-2015	978-84-698-0652-4	Castellano
6ºEP	Lingua Galega e Literatura	Aprender é crecer-Cristina Montes Posadas e outros-Anaya-2015	978-84-678-3511-3	Galego
6ºEP	Matemáticas	Matemáticas 6º-Gloria Alonso-Anaya 2015	978-84-678-8303-9	Castellano
6ºEP	C.Sociais	Aprender é crecer-José Kelliam Benítez-Anaya-2015	978-84-678-3519-9	Galego
6ºEP	C.da Natureza	Aprender é crecer-Ricardo Gómez e outros-Anaya 2015	978-84-678-8308-4	Galego
6ºEP	Relixión	Relixión Católica 6º-Valero Crespo-Anaya 2015	978-84-678-3533-5	Galego

5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa **transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral**. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde **todas as áreas de coñecemento** e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais.

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.
- Fomentárase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, ...
- Fomentárase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos...

6. PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.

PROGRAMAS DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA

Descrición do programa	Programa que pretende mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición de destrezas básicas que lle facilitan a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das diferentes áreas e materias. As modalidades do programa fan ao alumnado protagonista da súa aprendizaxe en colaboración cos compañeiros e compañeiras. Os proxectos que realizarán os centros deben implicar aos axentes da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, institucións...) e crear entre
-------------------------------	--

	<p>todos unha rede de traballo cooperativo que mellore o xeito de ensinar e aprender.</p>		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo que presenta o noso alumnado. - Ofrecer apoio ao proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas cun baixo nivel de desenvolvemento das competencias clave, con dificultades na asimilación de contidos, en desvantaxe educativa polo entorno sociocultural ou que cambian de etapa educativa no próximo curso. - Proporcionarlle ás familias a posibilidade dun acompañamento académico para os seus fillos e fillas fóra do horario. - Reforzar as explicacións da aula ordinaria e a asimilación de contidos por parte do alumnado procedente de aulas mixtas integradas por tres niveis diferentes. - Proporcionar técnicas de traballo intelectual para evitar na medida do posible cualificacións insuficientes nas próximas avaliacións das competencias e das áreas; escapando así do fracaso escolar. 		
Cursos implicados	Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Melloran os resultados dos alumnos e alumnas obtidos na avaliación 2ª, 3ª e ordinaria.		
Responsables	Mestres, familia, alumnado.		

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

Descrición do programa	<p>Cada vez máis encontrámonos cunha infancia e unha xuventude anclada ás pantallas. O xogo como elemento transversal, dinámico e de aprendizaxe está perdendo o seu valor esencial. Recordemos que o xogo é movemento e o movemento é xogo e, a parte de permitirnos desenvolver un compoñente humano de interacción, permítenos unha mellora do aspecto</p>
-------------------------------	---

	<p>físico. ¿Somos movimiento? parte da necesidade de acercar a esa infancia a actividade física a través do xogo. Nesta mesma liña alude o Decreto 105/2014 na que se nos orienta cara unha práctica diaria do exercicio físico. Outro aspecto que decantou a balanza para levar a cabo este proxecto son as circunstancias vividas debido á crise do Covid- 19 posto que os confinamentos supuxeron un maior sedentarismo. É así a hora de promover actividades que fortalezan o espírito e o corpo aproveitando para incluír elementos afíns como son os hábitos saudables, a hixiene, a alimentación, etc.</p>		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Activación e movemento de todo o corpo. - Coñecemento e posta en valor da autonomía persoal. - Fomento das relacións sociais a través do xogo. - Promover espazos de convivencia e igualdade - Empregar o xogo como elemento de convivencia a descubrimento. - Fomentar actividades musicais e movemento. - Mellorar a condición física do noso alumnado 		
Cursos implicados	Educación Infantil - Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acádase os obxectivos propostos.		
Responsables	Mestres, familia, alumnado.		

CLUB DE CIENCIAS

Descrición do programa	Programa que pretende mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición de destrezas básicas que lle facilitan a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das diferentes áreas e materias.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">♦ Acondicionar o laboratorio do centro educativo e recuperar o seu uso.♦ Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.♦ Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.♦ Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.♦ Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.♦ Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.♦ Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.♦ Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.♦ Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
Cursos implicados	Educación Primaria

Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Acádanse os obxectivos propostos.		
Responsables	Mestres, familia, alumnado.		

DIGICRAFT

Descrición do programa	DigiCraft é un programa educativo que ten como obxectivo formar a nenas e nenos de entre 6 e 12 anos en habilidades dixitais que lles permitan desenvolver todo o seu potencial. O programa desenvólvese en diferentes ambientes, compartindo en todo momento unha base sólida, a metodoloxía DigiCraft.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ➔ Desenvolver 5 áreas de competencia que compoñen a competencia dixital: <ul style="list-style-type: none"> - Información e alfabetización informacional - Comunicación e colaboración - Creación de contidos dixitais - Seguridade - Resolución de problemas ➔ Priorizar a aprendizaxe colaborativa ➔ Buscar a participación activa dos alumnos/as a través de xogos e experimentación, nun contexto que estimula a súa curiosidade, creatividade e desenvolvemento emocional positivo. ➔ Situar aos nenos/as no centro da aprendizaxe en todo momento, presentando a competencia dixital dun xeito diferente e divertido mediante o uso de tecnoloxías emerxentes. ➔ Promover o respecto polo medio ambiente, a reciclaxe e o uso responsable dos dispositivos. ➔ Achegar o mundo dixital e o mundo analóxico, propoñendo actividades que non só se basean no uso de dispositivos electrónicos, senón que implican o desenvolvemento de habilidades motrices e cognitivas, o pensamento lóxico e o traballo en equipo.

Cursos implicados	5º e 6º de Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acádanse os obxectivos propostos.		
Responsables	Mestres e alumnado.		

ALIMÉNTATE BEN. FROITA E LEITE NO RECREO

Descrición do programa	"Aliméntate ben" quere fomentar hábitos saudables na comunidade escolar a través de dietas equilibradas e utilizando produtos de calidade que garantan unha alimentación e desenvolvemento axeitado.		
Obxectivos	→ Fomentar o consumo de froitas frescas e leite. → Configurar hábitos alimentarios saudables no alumnado.		
Cursos implicados	Educación Infantil e Educación Primaria		
Temporalización	1º T	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acádanse os obxectivos propostos.		
Responsables	Mestres e alumnado.		

7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

- A materia de libre configuración en **4º de educación primaria** estará destinada ao **reforzo ou afondamento de ciencias sociais**.
- A materias de libre configuración en **6º de educación primaria** estará destinada ao **reforzo ou afondamento de lingua castelá e literatura**.

8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar **visitas**,

traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes. Deberán **figurar na programación xeral anual** do centro.

A participación do alumnado nas que se desenvolvan no entorno próximo ou fóra da localidade é **voluntaria e requirirá autorización** previa por escrito dos pais ou tutores.

No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para **atender aos alumnos e alumnas que non participen nelas**.

O **equipo de actividades complementarias e extraescolares** do centro será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Considéranse **actividades extraescolares** aquelas que, son organizadas no centro educativo, polo profesorado, por outras entidades, ANPA, concello ...etc. e figurando na programación xeral anual que se realizan **fóra de horario lectivo**.

A participación nelas será **voluntaria**.

En **ningún caso**, o contido destas actividades pode ser **igual ou similar ao dun ensino oficial do currículo**.

Cando as actividades extraescolares sexan organizadas por entidades e deban realizarse dentro dos locais e instalacións do centro, haberá que **respectar a normativa reguladora da utilización destes locais e instalacións**. Para a realización das ditas actividades é preceptiva a presentación por parte da entidade que as propoña dunha **memoria descritiva** que incluírá, entre outras, a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai desenvolver.

A dirección e realización de actividades extraescolares de **formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado** que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

Igualmente, requírese a **suficiente acreditación ou titulación** para a realización doutras actividades cando así estea estipulado por unha norma legal ou regulamentaria.

Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares **non previstas na programación xeral anual**, será necesario a súa aprobación polo equipo directivo, tralo informe favorable, de ser o caso, do equipo destas actividades, dando conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre. Cando estas actividades impliquen

modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización da xefatura territorial.

As actividades complementarias e extraescolares non forman parte do currículo oficial e, en consecuencia, **non son susceptibles de avaliación académica**.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares deben **respectar os principios de voluntariedade e non discriminación para os alumnos e alumnas**.

Estas actividades non poderán realizarse en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

Para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares **fóra da localidade**, organizadas polo centro, requirirase a previa **aprobación por parte do consello escolar**, a **autorización escrita** dos pais, nais ou titores legais dos alumnos e alumnas participantes e un **número suficiente de profesores** nunha proporción mínima dun mestre ou mestra por cada unidade.

Dentro das atribucións que lle son propias, **correspóndelle ó consello escolar do centro**:

- Aprobar o programa anual destas actividades elaborado polo equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Avaliar anualmente o desenvolvemento das actividades levadas a cabo.
- Establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Na **programación das actividades escolares complementarias e extraescolares** deben constar os seguintes aspectos:

- Descrición da actividade.
- Data prevista.
- Alumnado participante.
- Profesorado responsable.

A comunidade educativa, a través do Consello Escolar, **fomentará a organización de actividades escolares complementarias e extraescolares gratuítas**, que non supoñan custo para as familias, co fin de facilitar a máxima participación de todo o alumnado do centro.

A titularidade do centro ou, se é o caso, a entidade organizadora garantirá a **adecuada atención e vixilancia** dos alumnos e alumnas participantes durante a realización das actividades escolares complementarias e extraescolares.

A **dirección do centro** garantirá a adecuada información ás familias.

Mensualmente convocaranse reunións do equipo de actividades complementarias e extraescolares que faciliten a coordinación destas para os diferentes niveis e a distribución das mesmas ao longo do curso.

Se algunha actividade queda fóra da programación inicial, o equipo docente correspondente poderá presentar a proposta de acordo a:

- a) **Departamento/ s responsable/s.**
- b) **Nome da actividade.**
- c) **Nivel dos alumnos/as destinatarios.**
- d) **Contidos curriculares cos que se relaciona a actividade.**
- e) **Programa de actividades completo a realizar.**
- f) **Nome dos profesores/ as acompañantes.**
- g) **Grupos que van participar e número de alumnos/as total e por grupos.**
- h) **Data de realización, con indicación de lugar e hora de saída e de chegada (en caso de ser fose do Centro)**
- i) **Lugar ou lugares de realización da actividade.**
- j) **Custo económico da actividade e modo de financiamento coa repercusión económica para o Centro e para o alumnado.**
- k) **Calquera observación que fose necesario notificar.**
- l) **Actividades previstas para o alumnado que non asista á actividade se esta é de carácter voluntario.**

Prepararanse as diferentes actividades cunha **antelación suficiente** co fin de que se poida determinar se a actividade é viable de acordo aos recursos dispoñibles e aos participantes e para informar ao profesorado e alumnado afectado ou ás familias, así como establecer as medidas organizativas oportunas.

O profesorado responsable da actividade debe **velar polo cumprimento do programado** e recoller de maneira escrita, as incidencias que considere de interese.

A coordinadora de actividades complementarias e extraescolares informará ao profesorado, a través do taboleiro de anuncios da **Sala de Profesores**, das actividades previstas e farao coa antelación suficiente que permita prever e resolver a incidencia da mesma na actividade docente.

Ademais do profesorado e alumnado, **poderán participar nunha actividade aqueles pais, nais ou persoas maiores de idade que obteñan a proposta Claustro e do Consello Escolar.**

A coordinadora do equipo asumirá as súas funcións, atenderá as consultas de Mestres e familias dentro do horario que a tal fin se establece (1 sesión semanal).

9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).

As tarefas extraescolares na etapa de educación primaria estarán **vinculadas co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe**, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

Terase en conta un **adequado encaixe na vida das familias**, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Ao tempo **fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía**, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

10. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS)

O período de adaptación é o intervalo temporal que **nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida**, contorno e ambiente ao incorporarse ao centro escolar, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro desconecido e, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego.

Todos os cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza tanto nas criaturas como nas familias, e a intensidade difire en función do tipo de familia e das experiencias previas de socialización por parte dos nenos e nenas. Polo tanto, a adaptación constitúe un proceso complexo no cal se desenvolven unha serie de **relacións entre as familias, o persoal docente, as nenas e os nenos, e por medio do cal se construírán vínculos** entre elas e eles. Este período de adaptación repercutirá no proceso de socialización, na aprendizaxe e, por suposto, na formación da personalidade do neno.

O profesorado terá a responsabilidade de programar e organizar, conxuntamente coas familias, a incorporación á escola e os primeiros días de clase, cunha planificación coidada,

especial e de atención particular, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá unha grande influencia na historia escolar dos nenos e das nenas.

OBXECTIVOS

1. Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relación coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
2. Conseguir que a adaptación do alumnado a escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
3. Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedades creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
4. Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado para mellorar o coñecemento mutuo.
5. Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
6. Xerar relación vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
7. Descubrir o gozo de estar coas outras e cos outros nun ambiente estimulante.

FASES

• Fase 1: Recollida de información.

Levarase a cabo unha recollida de información sobre os nenos e nenas que acoden por primeira vez ao colexio a través da solicitude de matrícula que deben cubrir a familia do neno ou nena.

Algúns dos puntos que se poden tratar neste momento son:

- Explorar as liñas básicas do proxecto educativo.
- Informar sobre os horarios do centro.
- As dependencias do centro. o Informar sobre os diferentes servizos que ofrece o centro escolar.
- Invitar aos pais e nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas.

No caso de que algún dos nenos ou nenas que se matriculan para comezar o próximo curso escolar presentara algún tipo de NEAE ou sexa alumnado estranxeiro terá un primeiro contacto co Departamento de Orientación para predeterminar as condicións de escolarización máis idóneas e/ou intercambiar información básicas sobre o alumnado e fórmulas de atención adecuadas.

• **Fase 2: Reunión inicial coas familias.**

O alumnado de tres anos seguirá durante o mes de setembro un programa de Adaptación Escolar, establecido no calendario escolar.

Este programa será optativo para todas as familias que se recomendará sempre a todas elas, aínda que debido ás súas circunstancias persoais e familiares pode ter variacións. Un día fixado antes do primeiro día de clase a titora de Infantil terá unha reunión coas familias e nela explicará os seguintes aspectos:

- Xustificación do período de adaptación.
- Calendario e planificación do período de adaptación.
- Obxectivos da Educación Infantil.
- Normas do colexio e funcionamento do mesmo.
- Hábitos de autonomía.
- Traballo na aula.

• **Fase 3: Entrevistas individuais.** (ENTREVISTA INICIAL EDUCACIÓN INFANTIL –**ANEXO III**)

Enviárase un formulario recollido na programación didáctica de educación infantil para que sexa cuberto polas familias.

• **Fase 4: Desenrolo do período de adaptación.** (ESCALA DE OBSERVACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN. **ANEXO IV**)

Durante este tempo realizarase un seguimento dos nenos e nenas cunha avaliación continua do proceso evolutivo e social dos nenos e nenas rexistrando por escrito as situacións que se presentan.

O horario a realizar polos nenos e nenas establecerase na reunión inicial de curso e o horario de adaptación será flexible e adaptado ás necesidades do alumnado.

Abranguerá dende unha hora de permanencia no centro ata o tempo completo seguindo o establecido na orde de calendario escolar de cada un dos cursos.

- **Fase 5 : Final do período de adaptación.** (CUESTIONARIO A CUBRIR POLA FAMILIAS NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN. **ANEXO V**)

Nesta fase todo o alumnado incorpórase o horario completo. Aqueles nenos ou nenas que non cheguen a adaptarse, establecerase unha ampliación do período de adaptación ata que o neno ou nena estea preparado para o horario completo.

Durante esta fase rexistrarase a información que se recolleu durante todo o período e engadirase mediante o XADE ao expediente do alumnado.

11. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO

- Reunións de inicio de curso.

O primeiro contacto coas familias é a reunión inicial ao comezo de cada curso, na que se lles dá a benvida ao centro ou a un novo curso e na que, nunha primeira parte se expoñen aspectos xerais do funcionamento do centro por parte do equipo directivo, para a continuación dar paso ás reunións de cada grupo cos titores/as correspondentes. Recibirán información sobre os horarios de titoría do profesorado, sobre as canles que poden empregar para obter información sobre calquera aspecto que consideren importante respecto ao curso e sobre as normas básicas de convivencia no centro.

Nos primeiros días de actividade lectiva o profesorado facilitará ás familias a información básica relativa á programación didáctica das materias que incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente, e posteriormente daraa a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) do centro para garantir a súa publicidade.

- Páxina web do centro

Publicarase na páxina web do centro toda a información relativa aos aspectos de organización e funcionamento do mesmo, así como anuncios de diferentes convocatorias, prazos, menús do comedor, programacións didácticas e outros documentos do centro, horario de atención...

- **Axenda escolar**

O alumando fará uso da axenda escolar diariamente para anotar aspectos sobre as tarefas escolares a realizar, fixar as sesións de controis, datas importantes ou citas de tutoría.

Deste xeito as familias van recibir información acerca de si o alumno/a está facendo as tarefas correspondentes a cada materia, se leva ou non o material necesario e se está tendo unha boa actitude na clase.

- **Titorías**

É a forma de comunicación máis personalizada. As familias concertan cita para reunirse co titor ou titora correspondente, que recolle información máis pormenorizada entre o profesorado para transmitirla na reunión.

Ante calquera dúbida ou cuestión máis específica, tamén poden concertar cita co profesor/a ao que atinxe.

- **Mensaxería instantánea/abalar móbil.**

Empregaranse estes recursos para envío de avisos e recordatorios urxentes, control e xustificación de asistencia e publicación das cualificacións (abalar mobil)

- **Circulares informativas /autorizacións.**

Enviaranse circulares para informar sobre diferentes aspectos do centro educativo, para a información relativa ás saídas educativas e outras actividades, para a autorización de imaxe, comunicados das condutas contrarias ás normas así como para información ou autorizacións para valoracións do departamento de orientación ou recibir reforzo educativo.

- **Aula virtual**

Empregase a aula virtual como un recurso educativo máis, no que ademais de aportar diferentes materiais e enlaces, tamén se emprega como instrumento de avaliación en diferentes materias.

- **Blog do centro “A nosa voz. Colexio de Dozón”**

Publicación periódica de actividades e conmemoracións levadas a cabo no centro educativo.

12. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

I. DATAS DAS AVALIACIÓNS

- Avaliación inicial – setembro
- 1º avaliación – última semana antes das vacacións de Nadal
- 2º avaliación – última semana antes das vacacións de Semana Santa.
- 3º avaliación – última semana lectiva de curso
- Avaliación ordinaria / final – última semana lectiva de curso.

Seguiranse os modelos xerados dende os informes de XADE.

II. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

A partir da información recollida no expediente de cada alumno/a, nas actas de avaliación e dos resultados da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.

A avaliación inicial permitirá o deseño e a aplicación dos plans de reforzo ou recuperación e medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Os procedementos e instrumentos de avaliación inicial deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado.

III. CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

IV. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CURSO/ETAPA EP.

Ao finalizar **os cursos de segundo, cuarto e sexto** da etapa de educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Para avaliar cada unha das áreas teranse en conta os criterios de avaliación establecidos nas programacións didácticas valorados a través de diferentes procesos e instrumentos, ademais valorarase ao final de curso o grao de adquisición das competencias correspondentes de acordo aos descritores establecidos para cada unha delas.

Cando se detecten dificultades de aprendizaxe nalgunha materia avaliada negativamente, o mestre/a responsable desa materia asesorado/a polo Departamento de Orientación adoptará as medidas educativas de reforzo necesarias que axuden ao alumno/a a acadar os estándares de aprendizaxe fixados.

Criterios de promoción.

- 1 área con cualificación insuficiente → PROMOCIONA (Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.)
- 2 áreas con cualificación insuficiente → PROMOCIONA (Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.)
- 3 ou máis áreas suspensas → NON PROMOCIONA (Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso)

A aplicación dos criterios de promoción será flexible, xa que ademais de ter en conta o grao de adquisición das competencias e consecución dos estándares de aprendizaxe valorarase:

1) O **grao de madurez e circunstancias persoais do alumno/a** (idade cronolóxica/idade biolóxica, causas xustificadas de ausencias ao centro durante o curso escolar, situación familiar, recente traslado do menor ao centro, incorporación tardía, así como calquera outra causa que incidise no proceso de aprendizaxe do alumno/a).

2) **Análise e valoración das medidas de atención a diversidade** levadas a cabo en función das necesidades derivadas do diagnóstico, de ser o caso.

3) **Capacidade de traballo e implicación** do alumno/a no proceso de aprendizaxe.

4) **Relación e inclusión grupal** do alumno/a co seu grupo de referencia.

5) **Progresión adecuada**, ou non, dos obxectivos da etapa e grao de adquisición das Competencias con especial atención a Competencia Lingüística, Competencia Matemática e Ciencia e Tecnoloxía.

O alumnado que acade a promoción de curso ou que pase ao seguinte con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior de acordo a un plan de reforzo e recuperación de materias pendentes.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso

A **permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para

atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao **finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa** o profesorado titor emitirá un **informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno**, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno **disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora** ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

V. PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO OU TRATAMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso ou promocióne con materias con cualificación insuficiente, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

Se un alumno ou alumna non promociona ao curso seguinte ou o fai con materias pendentes será preciso adaptar as actividades lectivas, as sesións de reforzo e os agrupamentos ás aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas en cursos anteriores, en función do seu curso e área, flexibilizando así os plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.

O/A mestre/a que determine na avaliación final que un alumno ou alumna non supera algunha materia, elaborará unha **proposta de plan de reforzo e recuperación das materias pendentes**.

Ao inicio do curso seguinte, o profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, **concretará este plan de acordo a informes de expediente e avaliación inicial**, baixo as directrices do correspondente departamento de orientación e co coñecemento do profesorado titor e da familia, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Os Plans de reforzo e recuperación desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado demostradas polos resultados da avaliación inicial e os informes recollidos no expediente, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Nas diferentes avaliacións iniciais, ademais dos contidos curriculares, valoraranse aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe do alumnado.

Concrétanse as adaptacións metodolóxicas necesarias que a docencia puidesen requirir, de ser necesario poñer en marcha este tipo reforzo educativo, identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e das estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento rexistrando os datos no informe recollido no **ANEXO VI**.

VI. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción.

VII. MENCIÓN HONORÍFICA

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

13. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSINANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO.

Cráterios xerais da avaliación da práctica docente e do proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Lévese a cabo a avaliación inicial ao principio de curso.
- Realízase unha coordinación ao inicio de curso entre o profesorado do grupos.
- Propónse un plan de traballo para cada unidade.
- Establécense canles de coordinación e instrumentos de seguimento dos diferentes programas e plans implementados ao longo do curso.
- Planifícanse situacións introdutorias previas ao tema.
- Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
- Mantense o interese do alumnado
- Establécense relacións entre os contidos e actividades cos coñecementos previos.
- Faise saber a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes.
- Establécense actividades de ampliación e/ou reforzo
- Proporcionáanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra os contidos.
- Tense en conta o nivel de habilidades do alumnado e, en función do mesmo, adáptase o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Cando a motivación decae propóñense actividades divertidas e curiosas.
- Facílitate información dos progresos e das dificultades atopadas.
- Obsérvanse as actividades do alumnado.
- Proporciónanse ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar.
- Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo
- Realízase rexistro da observación sistemática.
- Lévanse a cabo entrevistas co alumnado.
- Fanse probas orais.
- Fanse probas escritas sobre pequenos bloques
- Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias.
- O/a profesor/a é accesible ás familias

Avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

- Unidade previstas, unidades impartidas. Causas polas que no se impartiron as unidades.
- Valoración dos recursos educativos empregados. (libros texto, recursos audiovisuais,...)
- Valoración dos resultados académicos
- Valoración das medidas de atención á diversidade
- Valoración das actividades complementarias e extraescolares realizadas durante o curso
- Valoración da concreción dos distintos plans e proxectos do centro.
- Valoración dos aspectos metodolóxicos
 - A metodoloxía vai dirixida ao logro das competencias clave.
 - As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
 - Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
 - A construción das aprendizaxes faise a través dos coñecementos previos e da memoria comprensiva do alumnado.
 - Proporciónanse situacións de aprendizaxe motivadoras.
 - Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
 - Establécense mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
 - Utilízase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación dos novos contidos.
 - As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.

- Poténciase a sensación ou convencemento de capacidade de aprender no alumnado ante o que se lle propón.
- Utilízanse metodoloxías activas: ABP, aprendizaxe cooperativo, estudos de casos, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe servizos,...

→ Organización da aula e aproveitamento dos recursos.

- Distribuíse o tempo axeitadamente.
- Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función da tarefa a realizar.
- Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.
- Fase uso de recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado.
- Séguese o libro de texto como fonte de coñecemento e eixe da programación.
- A metodoloxía é activa: proxectos, traballos colaborativos, aprendizaxe baseado en retos, ABP,...
- As actividades propostas están equilibradas entre individuais e grupais.
- Elabóranse rúbricas para a avaliación
- Faise uso da axenda escolar como recurso organizativo do traballo diario e como canle de comunicación bidireccional.
- Empréganse ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais.
- Entréganse os instrumentos de avaliación ás familias.

14. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Guión de programación didáctica.

- 1.- Introducción e contextualización
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias
- 3.- Concreción dos obxectivos para o curso
- 4.- Concreción para cada estándar:
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
 - Competencias clave de cada estándar
- 5.- Concrecións metodolóxicas
- 6.- Materiais e recursos didácticos

- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- 8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
- 10.- Medidas de atención á diversidade
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso
- 12.- Actividades extraescolares e complementarias .
- 13.- Aplicacións dos plans e proxectos do centro.
- 14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Datas de entrega

Antes do día 15 de setembro de cada curso, o profesorado responsable de cada materia fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos.

A dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa, antes do día 25 de setembro, que comprobará a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes.

O equipo directivo e o profesorado dedicará especial atención á análise e valoración de resultados da avaliación do rendemento académico do alumnado, que deberá incluírse na memoria final de curso coas propostas de mellora que correspondan. Así mesmo, esta memoria incorporará propostas de modificación ás programacións didácticas, sobre estratexias metodolóxicas e criterios de cualificación, promoción e titulación.

Avaliación da propia programación

- Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos.
desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación
- Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar.
Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación

- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.
- Levase a cabo a revisión e actualízase a programación coas melloras introducidas durante o curso.

ANEXO I

CONFORMIDADE DE REFORZO EDUCATIVO AO ALUMNADO

D^a/D..... nai/pai ou titor/a legal do
alumno/a fun informado/a
polo departamento de orientación e estou conforme en que o meu fillo/a asista a clases de
reforzo educativo dentro/fóra da aula.

Esta medida permitirá que a/o alumno/a reciba unha atención individualizada que poida incidir positivamente no seu rendimento académico.

Dozón, a de de 202....

Nai/pai ou titor/a legal

Asdo.....

ANEXO II

- ❖ Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar.
- ❖ Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	
Datos de escolarización anteriores significativos (repeticións, absentismo, cambios de dentro, flexibilizacións, escolarización combinada, atención domiciliaria, ...):			

Resultados académicos curso anterior					
Área/s Pendente/s (especificar)	Nome da Área	Cualificación			Medidas adoptadas
		1ºT	2ºT	3ºT/Final	
	Matemáticas	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
	Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
	Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
	Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
Competencias Clave	Competencia	Cualificación		Competencia	Cualificación
	CCL	Bien		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione			

Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe					
Valoración	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Observacións
Ten rutinas e hábitos de traballo	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Resolve as tarefas utilizando a reflexión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Necesita actividades dirixidas, pautadas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra interese e esforzo ante o traballo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Presenta un nivel de atención adecuado á tarefa que está realizando.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra orde nos seus traballos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Pide axuda si o necesita.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Traballa en grupo correctamente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Outros:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

Outros:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
---------	--------------------------	--------------------------	--------------------------	--------------------------	--

Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual	
Ámbitos a reforzar	Ámbito persoal:
	Ámbito social:
Medidas ordinarias (reforzo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, desdoblamento grupos, ...)	
Medidas extraordinarias (apoyo especialistas de PT, AL,...)	
Actuación Departamento Orientación	
Outras medidas fóra do horario lectivo (PROA,...)	
Aspectos a incidir na entrevista coa familia (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)	
Outros:	

PROFESIONAIS QUE PARTICIPAN NO PLAN ESPECIFICO DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES		
NOME E APELIDOS	FUNCIÓN	SINATURA

Actuacións no ámbito curricular

Materia pendente curso anterior: **Matemáticas**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Materia pendente curso anterior: **Seleccione**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Materia pendente curso anterior: **Seleccione**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Localidade, a _____ de _____ de 20 ____

Profesor/a,

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

Alumno/a:		Curso/grupo:	
-----------	--	--------------	--

Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa)

Área: **Lingua Galega e Literatura**

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Área: **Lingua Castelá e Literatura**

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Área: **Ciencias da Natureza**

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Localidade, a _____ de _____ de 201__

INFORMACIÓN DO PLAN PERSONALIZADO Á FAMILIA

Resultados obtidos das áreas pendentes					
Trimestre	Área pendente	Cualificación	Observacións		
1º Trimestre	Matemáticas	Seleccione			
	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	4			
	Seleccione	Seleccione			
	Seleccione	Seleccione			
Valoracións		Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
	Asiste a clase co material preciso para o desenvolvemento das clases.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Fai uso da axenda escolar como recurso organizativo do traballo diario.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Entrega as tarefas extraescolares encomendados (traballos, aula virtual,...).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Aproveitamento das horas de reforzo, apoio nas clases	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Participación no PROA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	...	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Localidade, a _____ de _____ de 20 ____

Profesor/a,

INFORMACIÓN DO PLAN PERSONALIZADO Á FAMILIA

Recibín.

Data:

Pai/nai /titor legal

ENREVISTA INICIAL EDUCACIÓN INFANTIL

➔ **DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A**

Nome e apelidos:.....

Data de nacemento:..... Lugar:.....

Enderezo:.....

Teléfonos de contacto:

Nai..... Pai:..... Outros:.....

➔ **DATOS FAMILIARES**

Nai:

Nome:

Data de nacemento: :.....Profesión:.....

Enderezo:

Pai:

Nome:

Data de nacemento: :.....Profesión:.....

Enderezo:

Titor Legal:

Nome:

Data de nacemento: :.....Profesión:.....

Enderezo:

Irmáns/ás

Número total de Irmáns/ás: Lugar que ocupa:.....

Relación co/s irmáns/ás:

→ RELACIONES

¿Vive co pai e coa nai? _____

¿Quen o coida habitualmente? _____

Outros familiares que conviven na casa _____

¿Con quen se relaciona mellor? _____

¿Relaciónase con outros nenos e nenas? _____

¿Amosa boa disposición para ampliar o seu círculo de relacións? _____

• **ESCOLARIZACIÓN**

¿É a primeira vez que acode á escola? _____

¿Dende que idade está escolarizado? _____ nome do centro
_____ ¿ adaptouse ben? _____

• **DATOS FÍSICOS E SANITARIOS**

Estatura _____ peso _____ Alerxias _____

Vacinas _____

Enfermidades propias da idade _____

Enfermidades crónicas _____

Frecuencia coa que enferma _____

Operacións, hospitalizacións e accidentes _____

Alteracións físicas (visión, audición,...) _____

Tratamento médico _____

Observacións _____

• **MOVEMENTO**

¿A que idade comezou a camiñar? _____

¿Presenta algún problema relacionado co movemento?

• LINGUAXE

¿Que lingua emprega habitualmente? _____

¿Cando comezou a falar? _____ ¿enténdense as súas expresións? _____

¿Utiliza moito o xeato? _____

¿Ten algún problema na expresión oral?

• CONTROL DE ESFÍNTERES

¿Controla os esfínteres? _____ ¿dende cando? _____

¿Pídeo ou hai que lembrarlo? _____

Se aínda non controla, explique se ten algún problema relacionado con este apartado _____

• SONO

Dorme só/a ou acompañado/a _____

¿Cantas horas dorme pola noite? _____

¿Necesita a luz? _____ ¿necesita algún xoguete? _____

¿Esperta pola noite? _____ ¿ten medo? _____

• ALIMENTACIÓN

¿Toma unha alimentación variada? _____

¿Almorza ben antes de vir ó colexio? _____

¿É alérxico a algún alimento? _____

- **HIXIENE**

¿Báñase ou dúchase tódolos días? _____

¿Quen se ocupa diso na casa? _____

¿Ten alerxia a algún produto hixiénico? _____

- **AUTONOMÍA**

Describe o que é capaz de facer o/a seu / súa fillo/a sen axuda no referente á hixiene, alimentación e ó vestido: _____

- **DATOS EMOCIONAIS**

Inquedo/a _____ tranquilo/a _____ caprichoso/a _____

Agresivo/a _____

¿Adoita ter perrenchas? _____

¿I en tendencia a estar so/a? _____

¿Gústalle xogar acompañado? _____

¿É dependente ou independente? _____

- **OBSERVACIÓNS**

Se cre que hai algo que debamos coñecer sobre o/a seu/súa fillo/a, describao a continuación.

¿Que espera da estancia no colexio do seu fillo/a?

ANEXO IV

ESCALA DE OBSERVACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

ALUMNO/A: _____

NIVEL NO QUE SE ESCOLARIZA: _____

CHEGADA:

·CANDO ENTRA NA ESCOLA: (CHORA, ALEGRE, TÍMIDO, OUTROS...) _____

·AFERRASE A ALGÚN OBXECTO? _____ CAL? _____

·ACTITUDE DO ADULTO: _____

·REACCIÓN DO NENO/A CANDO SE VAI O FAMILIAR:

ESTANCIA NA AULA

· TEN PREFERENCIA POR ALGUN ESPAZO? _____ CAL? _____

· PRESENTA CURIOSIDADE POR EXPLORAR OS ESPAZOS? _____

· MÓVESE EN EXCESO? _____

OBXECTOS

· AMOSA INTERESE POR CONECER OS MATERIAIS? _____

· EMPREGA OS MATERIAIS CORRECTAMENTE? _____

· CALES SON AS CONDUCTAS POUCO AXEITADAS? _____

RELACIÓN COS IGUAIS

- TEN INTERESE POR RELACIONARSE COS OUTROS _____
- TIPO DE INTERACCION COS IGUAIS: colaboración, agresión, dominación, dependencia.
- OBSERVACIÓNS: _____

RELACIÓN COS MESTRES E MESTRAS

- ACTITUDE: rexeitamento, aceptación, confianza, indiferencia.
- TEN CONDUCTAS PARA CHAMAR A ATENCION DO MESTRE/A? _____
- CALES ? _____

O XOGO

- NA AULA, TIPOS DE XOGOS _____
- XOGA COS SEUS IGUAIS? _____ CON QUEN? _____
- NO RECREO, TIPOS DE XOGOS: _____
- XOGA COS SEUS IGUAIS? _____ CON QUEN? _____

LINGUAXE

- LINGUA VEHICULAR CO MESTRE/A: galego, castelán, ambos.
- LINGUA VEHICULAR COS NENOS/AS: galego, castelán, ambos
- NIVEL COMPRENSIVO: malo, regular, bo.
- NIVEL EXPRESIVO: emite sons, di palabras, constrúe frases.
- PRONUNCIACION: mala, regular, boa

OBSERVACIONES

En Dozón, a ____ de _____ de _____

O/A titor/a:

ANEXO V

CUESTIONARIO A CUBRIR POLA FAMILIAS NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

ALUMNO/A.....

NA CASA: (subliñar o que fai): fala do cole, da mestra, dos compañeiros ou dos xoguetes, canta as cancións que aprende, fala do que fixeron na clase sen lle preguntar ou cambia de tema porque non quere falar do cole, amosa disgusto ante o feito de ter que vir ao cole cada día, se non quere vir por que motivo?.....

Notou algunha melloría dende a primeira semana en canto as ganas de vir ao cole?

Considera que o neno/a sufriu os primeiros días de clase?

Cantos días notou que o estaba a pasar mal?

Como o manifestaba?

Estaba vostede preocupado/a pola adaptación do neno/a?.....

Falaba deste tema con alguén?.....

Tiveron que modificar algo na familia para adaptarse ao proceso de adaptación?

Cantas horas esta a durmir o neno/a?.....

Experimentou algún cambio na súa evolución?: durme menos/máis, fala menos/máis, esperta de noite, come mellor/ peor, non controla esfínteres.

Pensa vostede que o proceso de incorporacion gradual facilitou a adaptacion do neno/a?

Podería facer algunha proposta para mellorar o proceso de adaptación?

En a de.....

Asinado:

ANEXO VI

**INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE
AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)**

CURSO: 20 - 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS: NOME:
DATA DE NACEMENTO: CURSO: ETAPA: Infantil: NIVEL:
Primaria: CICLO: 1º: 2º: 3º: NIVEL: GRUPO:
Secundaria obrigatoria: CURSO: 1º: 2º: 3º: 4º: GRUPO:
Outra: Especificala:

Por cada ÁREA OU MATERIA EN QUE A ALUMNA OU O ALUMNO RECIBIU RE.

1. ÁREA OU MATERIA:

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:

APELIDOS: NOME:

3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:

DATA DE COMEZO DO RE: DATA DE REMATE DO RE:

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

- a) Cal foi o motivo?
- b) En que consistían? (breve descrición)
- c) Con que frecuencia se presentaban? (temporización)
- d) Cando as realizaba a alumna ou o alumno?
- e) Quen lle axudaba?: (profesorado con dispoñibilidade horaria).....
- f) Como se avaliaban? (corrixían):

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
 Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia).....

..... de de 20

O/a profesor/a titor/a,

O/a profesor/a que realizou o reforzo

Asdo.:

Asdo.: